

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 30.06.2016 Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de xuño de 2016, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas orais en Comisión

- 1.1 49636 (09/POC-007415)
Grupo Parlamentario Mixto
Fernández Rodríguez, Mónica e Martínez García, María Consuelo
Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas pola CRTVG para o cumprimento do disposto na Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 638, do 27.04.2016
- 1.2 49725 (09/POC-007429)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 3 máis
Sobre as razóns da demora na aprobación do Estatuto Profesional e na creación do Consello de Informativos da CRTVG, previstos no artigo 36 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 638, do 27.04.2016
- 1.3 49802 (09/POC-007441)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis
Sobre o tratamento informativo que se lle está a dar na CRTVG á realidade social e política galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 638, do 27.04.2016
- 1.4 50532 (09/POC-007548)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 3 máis
Sobre a información emitida pola Televisión de Galicia en relación coas acusacións da Fiscalía de Santiago de Compostela pola demora na

prescripción dos fármacos necesarios a varios doentes de hepatitis C
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 646, do 19.05.2016

- 1.5 51370 (09/POC-007662)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre o cumprimento, na información que está a emitir a CRTVG, do disposto no artigo 4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 659, do 15.06.2016

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2016

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/06/2016 12:01:40

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

| | |
|-------------------------------|---|
| Presidente | |
| Aurelio Alfonso Núñez Centeno | P |
| Vicepresidente | |
| Angel Camino Copa | P |
| Secretaria | |
| María Concepción Burgo López | S |

Vogais

| | |
|---------------------------------------|-----|
| Agustín Baamonde Díaz | P |
| Sandra María Devesa Bouzas | P |
| Juan Manuel Fajardo Recouso | AGE |
| Mónica Fernández Rodríguez | M |
| Enrique Nóvoa López | P |
| María Montserrat Prado Cores | BNG |
| Jesús Miguel Prado Patiño | P |
| María Remedios Quintas Álvarez | S |
| Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez | P |
| Ramón Santos Pérez | P |
| Emilio Vázquez Blanco | S |

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 30.06.2016 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 30.06.2016 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 49636(09/POC-007415)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica e Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas pola CRTVG
para o cumprimento do disposto na Lei 1/2014, do 24 de marzo,
para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa
lusofonía

Publicación da iniciativa, 638, 27.04.2016

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Mónica Fernández Rodríguez e Consuelo Martínez García, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa contestación na **Comisión de Control da RTVG**.

No pasado mes de marzo se cumpriron dous anos da LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, onde se recolle o compromiso das institucións galegas co aproveitamento das potencialidades de Galiza, valorando o galego como unha lingua con utilidade internacional.

Esta lei recolle a importancia de fomentar o ensino e aprendizaxe do portugués, pois supón un proveito lingüístico, pola importancia mundial do idioma oficial do país veciño.

Promóvese entre outras cousas o papel que desenvolverá a Compañía de Radio-Televisión de Galicia nos intercambios de producións audiovisuais, de programas completos ou partes destes nos diversos xéneros televisivos, a colaboración en materia de proxectos audiovisuais novos, a cooperación no emprego de medios de produción técnicos e humanos, e a posta en común de coñecemento aplicado á produción audiovisual ou á xestión empresarial, con televisións de lingua portuguesa onde existan as maiores posibilidades de beneficio mutuo.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula as seguintes **preguntas** para a súa resposta oral en **Comisión**:



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA

- Cantas experiencias de colaboración se fixeron dende a aprobación desta lei?
- Vai introducir programas con contidos para aproveitamento e promoción da lingua portuguesa en Galiza?
- Hai intercambios en proxectos audiovisuais coas diferentes televisións de lingua portuguesa? E no futuro inmediato?
- Existe a cooperación na posta en común da produción audiovisual ou xestión empresarial coas televisións de lingua portuguesa?

Pazo do Parlamento, a 15 de abril de 2016

Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez

Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Consuelo Martínez García

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 15/04/2016 09:36:56

María Consuelo Martínez García na data 15/04/2016 09:37:05



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 30.06.2016 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 49725(09/POC-007429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 3 máis

Sobre as razóns da demora na aprobación do Estatuto Profesional e na creación do Consello de Informativos da CRTVG, previstos no artigo 36 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, 638, 27.04.2016



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu, María Quintas Álvarez, Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG**.

A lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación de Galicia, vai cumprir seis anos de vixencia e aínda permanecen sen desenvolver aspectos fundamentais da mesma, malia que a Dirección da Corporación fora exercida pola mesma persoa durante todo ese período. A lei, no seu artigo 36, establece un Estatuto Profesional como instrumento de mellora da calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos, de acordo cos principios xerais que inspira a presente lei. É notorio que a actual situación deses contidos está fortemente mediatizada por criterios alleos á profesionalidade e independencia.

O mesmo artigo establece que o Estatuto Profesional contemplará a creación dun consello de informativos como órgano interno de participación dos profesionais da información como instrumento que velará pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos. Ese consello estará rexido por normas aprobadas polo Consello de Administración logo do trámite de audiencia das organizacións sindicais representativas.

O actual Consello de Administración, onde o goberno ostenta unha cómoda maioría, non ten procedido ata hoxe a ningunha actuación encamiñada á posta en marcha desas previsións legais.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2016 16:35
Nº Rexistro: 49725
Data envío: 19/04/2016 16:35:10.207



 Grupo Parlamentario

En consecuencia formulase a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por qué non está aprobado o Estatuto Profesional e creado o Consello de Informativos da CRTVG?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2016

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
María Quintas Álvarez
Concepción Burgo López
Emilio Vázquez Blanco
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 19/04/2016 16:30:11

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 19/04/2016 16:30:26

María Concepción Burgo López na data 19/04/2016 16:30:31

Emilio Vázquez Blanco na data 19/04/2016 16:30:35

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 30.06.2016 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 49802(09/POC-007441)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis

Sobre o tratamento informativo que se lle está a dar na CRTVG
á realidade social e política galega

Publicación da iniciativa, 638, 27.04.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, Xosé M. Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG**.

A Lei de medios públicos de Galicia, sostén entre os seus principios que os medios públicos deben ser o reflexo do pluralismo ideolóxico, político e cultural do país, así como un mecanismo para fomentar o respecto á dignidade humana, ao honor e á intimidade persoal, así como garantir e promover a obxectividade, a imparcialidade, ou a garantía de veracidade e neutralidade informativa. Fronte a esta realidade, a CRTVG cada día mellora os seus mecanismos de alteración da realidade social e política reflexada nos medios públicos, incrementando a manipulación e terxiversación informativa, sobre todo no eidos da pluralidade social e política do país.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión**:

Cal é o grado de satisfacción da dirección da canle pública, ante o obxectivo acadado de círculo virtuoso da manipulación informativa no ente público que acadara niveis de excelencia dende a chegada a dirección do actual Director Xeral?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 21/04/2016 17:45:56

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 21/04/2016 17:47:19

Anton Sánchez García na data 21/04/2016 17:47:26

Ramón Vázquez Díaz na data 21/04/2016 17:47:29

Eva Solla Fernández na data 21/04/2016 17:47:32

Jose Javier Ron Fernandez na data 21/04/2016 17:47:35

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 30.06.2016 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 50532(09/POC-007548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 3 máis

Sobre a información emitida pola Televisión de Galicia en
relación coas acusacións da Fiscalía de Santiago de
Compostela pola demora na prescrición dos fármacos necesarios
a varios doentes de hepatite C

Publicación da iniciativa, 646, 19.05.2016



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Concepción Burgo López, Carmen Acuña do Campo, Emilio Vázquez Blanco e María Quintas Alvarez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión permanente non legislativa de control da Compañía da RTVG**.

Fai poucas datas, a Fiscalía de Santiago de Compostela acusou ao Goberno do Sr. Feijóo de homicidio por atrasar por razóns orzamentarias a prescrición dos fármacos necesarios para tratar a hepatite C.

Neste momento dous altos cargos da Xunta de Galicia son investigados por un delito de prevaricación ao incumprir os criterios da propia Administración autonómica para sufragar os tratamentos dos enfermos máis graves de hepatite C.

Son acusacións moi graves que a cidadanía ten dereito a coñecer con detalle polo que toda a información deben ser tratada con total imparcialidade por un medio de comunicación público como é a TVG.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Como valora a información ofrecida pola Televisión de Galicia sobre as acusacións da Fiscalía ao Goberno de Feijoo polo atraso na prescrición dos fármacos a varios enfermos de hepatite C?

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2016

Asdo.: Concepción Burgo López
Carmen Acuña do Campo
Emilio Vázquez Blanco
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2016 11:00
Nº Rexistro: 50532
Data envío: 12/05/2016 11:00:29.183



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 12/05/2016 10:59:18

María del Carmen Acuña do Campo na data 12/05/2016 10:59:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Emilio Vázquez Blanco na data 12/05/2016 10:59:26

María Remedios Quintas Alvarez na data 12/05/2016 10:59:37

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 30.06.2016 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 51370(09/POC-007662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre o cumprimento, na información que está a emitir a CRTVG, do disposto no artigo 4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, 659, 15.06.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2016 13:59
Nº Rexistro: 51370
Data envío: 09/06/2016 13:59:28.201

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, relativa á calidade da información que emite a CRTVG.

A Lei 9/2011 dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galiza, no seu artigo 4, nos apartados d) e h) di:

“Artigo 4. Principios inspiradores e alcance:

d) O reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.

h) A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural.”

Dito isto, formulamos a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2016 13:59
Nº Rexistro: 51370

Data envío: 09/06/2016 13:59:28.201

Considera que a información que emite a CRTVG correspóndese co establecido no artigo 4, da Lei 9/2011 dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galiza?

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 09/06/2016 13:59:06